

FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA

STA. MARÍA DE CELA

2003

Festas Patronais

Sta. Maria - San Roque e o Carme

Os Días


15, 16, e 17 de AGOSTO

FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA

FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA

FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA · FIESTAS EN CELA

FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE CELA




A fundación, pola Orde Sanxoanista, da igrexa de Sta. María de Cella sitúase na segunda metade do século XII. O seu estilo arquitectónico é románico aínda que se poden apreciar moitas das influencias dos modelos Sanxoanistas.

Sen pararnos a mostrar aspectos arquitectónicos e descritivos da fermosa igrexa, xa amplamente difundidos, queremos presentar un pequeno documento eclesiástico que pode servir para ir completando o coñecemento da nosa parroquia. Este apunte parte dun dos informes da visita pastoral ó Morrazo por parte do representante do arcebispado a finais do século XVIII que nos pode dar unha visión de como era esta freguesía nesta época.

otra la iglesia de Santi Espiricto. Esta misma Repartición tienen con las Rentas del iglesario, y los diezmos de el, las percibe el Arcidiano del Salnés, dignidad de la Santa iglesia Cathedral de Santiago. Oblata por Razón de Pascuas una docena de huevos, y por el Patrono, difuntos, y Pascua de Resurecion, sus respectivas ofrendas, Según el posible de cada uno, Siendo la mayor de medio ferrado de Pan Cocido, y dos Reales, en especies de Pán, Vino y Carne. El iglesario se reduce aun a huerta muy limitada. La Casa Rectoral bien Cuidada.

Sacerdotes

Don Josef Pereyra, Patrimonista de San Bartholomé de Pereira, anejo de San Pedro Quintillán, Arciprestazgo de Montes, y teniente Cura, con licencias de Celebrar y Confesar. Don Ramón Malvido, Patrimonista de Santiago de Hermelo. Licencias de Celebrar y Confesar. Don Thomás Santos, Patrimonista de esta Parroquia. Licencias de Celebrar y Confesar, y Don Josef Amoedo, Patrimonista, Con licencias de Celebrar y Confesar hombres. Vecinos trescientos treinta Almas de Confesión Mil Ciento Veinte. Por Confirmar trescientas cincuenta. El Curato su Valor Veinteiseis mil Reales, sin quedar la mas minima Cosa... para el



FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA

Vicario. Siendo solo Veinte ducados los que percibe y estos con la carga de las misas Populares y algunas otras motivando esta falta el que no se arregle, (como a mi juicio debiera) en el percibo de los Derechos Parroquiales.


...Aqui relación de los Ornatos, y más alajas de la iglesia...

Conducta del Parroco

Es un Eclesiastico de bastante Celo, y Procura acertarlo, sin que me ocurra que decir en el Particular, solo que lleva bastantes derechuras, y que tiene alguna Amistad con el Cura de Ardan originada esta (segun el me informo, con las lágrimas en los ojos) del temor que le tiene, y de que no tiene con que resistirse en Caso de no convenir en lo que el propone. Sin que me ocurra mas que deba hacer presente en el asunto.

Conducta de los Sacerdotes

Tengolos por Eclesiásticos (segun lo que supe) de bellas circunstancias, y sin que por el Presente tenga que decir en la materia.



Doctor Don Fernando de Mestas y Estevanez.

FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA - FIESTAS EN CELA

OS CRUCEIROS DO IGREXARIO (I)

Do eiraño

Foi no decembro de 1987 cando se levantou este fermoso cruceiro. Emprazado no mesmo eiraño de Cella coa súa mirada cara á porta central da igrexa.

Non ten plataforma ó estar sentado sobre das lousas do adro.

O pedestal é cúbico, con arestas mortas e o varal, con arrinque cadrado, é octogonal.

Presenta un capitel cilíndrico con follas de acanto; arrincando do medio delas catro volutas e sobre estas un ábaco de caras curvas concas que teñen, no medio unha flor.

Remata cunha cruz latina cilíndrica de tronco nodoso que ten na parte superior a inscrición INRI; cara á igrexa ten a Xesús crucificado, nu con pano púdico, coroa de espiños, barba e bigote; tres cravos, mans semipechadas, pé dereito sobre do esquerdo, corpo pendurado dos brazos, cabeza ergueita e boca lixeiramente aberta.




OS HÓRREOS E CELA

É Cella a parroquia do concello de Bueu onde a agricultura tivo o longo do tempo máis raizame. O mesmo topónimo Cella axúdanos a xustificalo: do latín cella-ae: celeiro, almacén, despensa. Se ben é certo que tamén é cuarto ou apousento pequeno, no mundo rural altomedieval as colonias agrícolas impoñense na toponimia: Cella, Agrelo,...


Froito da puxanza agrícola temos segundo censo do estudioso Jozef Van Linthoudt, que Cella:

- case duplica en número de hórreos ó restos das parroquias do concello xuntas:
- que a mesma proporción se menten co número de hórreos con reloxos de sol no seu cumio (38).
- que posúe o hórreo con data máis antiga (1775) que está empraçado no Beloso.
- así mesmo ten o máis antigo con reloxos de sol (1781) en Pousada.
- o hórreo máis longo do concello con reloxos de sol está no lugar de Cabreira (8,34 m) e o máis pequeno co mesmo detalle está na Torre (2,80 m).



FONTES


◊ Fonte da PARADELA OU CACHOPAS ◊



No lugar da Paradela, preto do cruce de Moaña atopamos esta fermosa fonte, hoxe limpa e reformada. Non ocupa o emprazamento primitivo ó ser cambiada de lugar é desviada do camiño, que era onde se atopaba.

Referencia dela témola na escritura que fai o escribán Juan Fernández Rodríguez, en 1678, onde a atopamos citada por primeira vez: "Domingo Freire, carpinteiro, labrador e María Freire muller de Benito Freire (todos de Cella), levantan testemuña sobre a presa de auga que, vindo da fonte das Cachopas, pasa pola propiedade das Busiñas, sendo de rego".

Fonte de POMBAL ou MEICIDE



No camiño que de Pousada corta a curva de Freande cara o Igrexario, no lugar de Castrelo, é onde se atopa esta fonte do Pombal. A xente di "Pombal" que así denominan as veigas que chegan en tira aña o río de Pousada.


A fonte actual foi restaurada ó arranxa-lo camiño. A auga sae a gurgullóns. Con moita probabilidade o nome provén do pombal que puido existir no circundado do Maiorázgo da Casa Torre de Freande que alá polo século XVI fundara o escudeiro Leonardo Gil de Barragãns.

Tamén se coñecía como Meicides ou Barral. No arquivo do concello de Bueu figura como Fonte do Barral nun arranxo que se fixo en 1942 a petición de Benito del Río.

Hai quen lle chama Fonte da Pereguisa confundíndoa co cano que hai moito tempo houbera á esquerda do camiño que da curva de Freande vai para Castrelo. Aínda hai unha toma de auga e uns lagos.

CASAS CON HISTORIA

CASA-TORRE DE FREANDE:




No censo do Marqués de la Ensenada, 1752, aparece na relación do vecindario como único veciño deste lugar o fidalgo Juan Rafael Troncoso. Hai documentación de 1862 onde "Juan Rafael Troncoso Lago Rajo y Acuña, de Cella, dono e señor da casa -torre de Freande, señor de Moreira, Troncoso, Savajanes, sendo chamado para o real servizo á defensa do monarca Carlos III, contra Portugal, outorga poder a Josepha Rey Mendez Figueroa, súa muller, para administración de bens, nomear xuíces nos seus cotos, cubrir vacantes dos seus beneficios (entre eles Santiago de Borbén, que debería nomear a Pedro Antonio de la Rúa Aldao, veciño de Bueu)"



Do resto pouco se sabe. Máis se nos fixamos nos escudos que hoxe en día se atopan postos na casa da curva de Freande, poderemos observar que pertencen a heráldica antiga (por carecer de moitos elementos dos escudo máis recentes). Un dos escudos que, pola súa forma, ben puidera ser un frontis dunha entrada a un casal, vense mesturados elementos pertencentes a varias familias nobres Moscosos, Acuña (cuñas do 1º cuarto central), Camba (as rodas),... Destacar esas mans, das que unha delas porta unha espada que se crava nun corazón. Os mesmos elementos pódense observar no outro escudo se ben presenta pequenas modificacións.

CASA DA TORRE



No ano 1371, o arcebispo D. Rodrigo de Moscoso concédelle a

Alvar Páez a metade da freguesía de Cella. Se ben a parroquia de Cella está composta por unha serie de lugares, será o lugar no entorno da Torre o que maiormente se identifique co topónimo de Cella, pois en innumerables ocasións a rama dos Charino-Sotomaior refírese á súa torre como 'á casa de Cella'. (Ex. Testamento de Pajo Gómez de Sotomaior, no ano 1454)

O lugar de A Torre consta de varios agrupamentos de casas no que destaca a zona onde existiu a primitiva "Torre".

Accédese pola estrada que vai ó Igrexario e logo continúa polo ramal que vai ó Colexio Público. Á súa vez A Torre ten un camiño interior de subida que se colle na casa "da Torre" (casa na que se utilizou para a súa


edificaci3n pedras do antigo casa] ou casa solariega e que lle puxeron o escudo).

Signalar que na linguaxe fidalga, torre 3 equivalente a casa solariega: "Torre de Feandre ou Friande" (na curva seguinte de Pousada 3 Igrexario) , Torre de Sta. Cruz,...

Por outra banda, cumpre facer unha referencia - e esa 3 a intenci3n destas li7as - 3 casa e torre de Cella, edificio que se remonta con certeza 3 s3culo XV, pero posiblemente anterior.

Na actualidade ser3a dif3cil concretar a li7axe que ergueu os seus muros, pois d3as casas aparecen vencelladas 3 Torre: os Cari7o de Soutomaior da casa de Rianxo e a casa de Aldao e Gondar. Posiblemente, esta casa-torre se integrase no maiorazgo de Siso Berm3dez, desta 3ltima familia.

Ser3a no s3culo XVI, da man de D. Diego 3lvarez de Soutomaior e de D7a. Juana de Castro Guizamonde, cando se unan as s3as armas, declar3ndose D. Diego se7or da casa e torre de Cella no ano 1581. Xa no s3culo XVII a familia Montenegro, por medio dunha pol3tica matrimonial, coloca as s3as armas na propiedade. O maiorazgo vinculado 3 propiedade pasa a Baltasara Sorred de Montenegro e Soutomaior quen casa con III conde de Maceda,



sendo as3 que os seus heredeiros pasan a gozar xunto 3 conda7o de Maceda, do dereito do se7orio do maiorazgo referido de Cella.

Este se7orio, que 3 cabo de tres xeraci3ns se vai atopar sen descendentes directos, abarca lugares de toda a xurisdicci3n do Morrazo, dende o Coto de Bon e Vilar ata a fregues3a de Domaio. Alg3n deles, coma o lugar da Torre, en Cella, "sen que ningunha outra persoa ex3rcese se7orio alg3n", exercendo os dereitos sobre o d3cimo e a luctuosa.

Por 3ltimo, indicar que Joseph Benito de Lanz3s Noboa e Andrade, IV conde de Maceda, procedeu a ordenar os seus bens e dereitos coa realizaci3n dun apeo levado a cabo polo escrib3n da S.M. Francisco Malvido Varela entre os anos 1691 a 1695.

Nela viviu o escrib3n Freire de la Torre, familiar do St3 Oficio.

TORRE DO PRACER



Ligada esta casa ó señorío de St^a Cruz, e máis concretamente ó apelido Aldao, primeiro, e logo ó Pimentel.

A principios do s. XVIII, vivía José Aldao y Taboada; xa había capela con confraría e libros, dedicada a San Antonio.

No século XIX, foron donos entre outros: Pedro Pimentel Sotomayor Rúa y Aldao (oficial retirado) "patrón de los Patronos de los Stos. Reyes, señor del Placer,...." casado con Dolores Alfeiran. No lugar da Casa Torre de St^a Cruz. Casimiro Antonio Pimentel (dono das casa e pazos de Brea da Pela, Casa e torre S^a Cruz, de la del Placer, ...) casado con Juana de la Rúa Aldao y Taboada y Sotomayor,...

Na actualidade nunha das paredes hai unha pequena fornela na que se acubilla unha imaxe da Virxe do Portal.

Nota : Datos extractados da revista O Candil.